

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 850** *Real decreto 23/2015, do 23 de xaneiro, polo que se adoptan as medidas necesarias para a aplicación efectiva do Regulamento (CE) n.º 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, sobre a Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), modificado polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no que se refire á clarificación, á simplificación e á mellora da creación e do funcionamento de tales agrupacións.*

O 17 de decembro de 2013 aprobouse o Regulamento (UE) n.º 1302/2013 do Parlamento europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se modifica o Regulamento (CE) n.º 1082/2006 sobre a Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), no que se refire á clarificación, á simplificación e á mellora da creación e do funcionamento de tales agrupacións. Este novo regulamento europeo introduce unha serie de novidades na regulación das AECT que aconsellan a publicación dun novo real decreto que substitúa o anterior.

A aprobación do Regulamento (CE) n.º 1082/2006 sobre a Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), supuxo un impulso á cooperación territorial, en especial aquela de carácter transfronteirizo, como un paso máis no camiño da integración europea, a supresión das fronteiras e a creación dun espazo único de convivencia e circulación de bens, persoas e servizos.

O regulamento introduciu no ámbito europeo unha nova figura, de carácter facultativo e con personalidade xurídica propia, para ser o instrumento adecuado para o desenvolvemento de actividades, en réxime de cooperación, entre entidades procedentes de Estados membros da Unión Europea, dando así resposta ás particularidades das rexións de fronteira e ás necesidades de cooperación territorial ou sectorial entre rexións ou entidades europeas.

A Agrupación Europea de Cooperación Territorial persegue desde a súa creación o reforzamento da cohesión económica, social e territorial e é concibida no regulamento como un instrumento para o desenvolvemento de iniciativas de cooperación territorial, xa sexan cofinanciadas pola Unión Europea, conforme o establecido no Regulamento (UE) n.º 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas aos fondos estruturais e de investimento europeos (Fondos EIE), ou para levar a cabo accións de cooperación territorial por iniciativa exclusiva dos Estados membros ou das súas autoridades rexionais ou locais, sen intervención financeira da Unión Europea.

O éxito desta figura colaborativa nos últimos anos levou á ampliación e afondamento do seu ámbito de acción, posta en marcha polo novo Regulamento 1302/2013, que modifica o Regulamento 1082/2006 sobre AECT. Unha das principais novidades da nova normativa é a entrada á participación nas AECT de terceiros países e países e territorios de ultramar, así como a clarificación dos criterios para que os organismos de dereito privado poidan ser membros. A nova normativa trata, ademais, de simplificar o procedemento de adhesión de novos membros pertencentes a Estados membros da Unión Europea.

O Regulamento 1082/2006 sobre AECT prevé que os Estados membros adoptarán todas as disposicións adecuadas para garantir a súa aplicación efectiva, polo que tras a súa publicación se aprobou unha norma interna de carácter xeral que precisa o procedemento que hai que seguir para facilitar a constitución e funcionamento das agrupacións europeas de cooperación territorial que se poidan constituír conforme o dereito español, ou nas cales vaian participar entidades públicas españolas.

A modificación do Regulamento 1082/2006 sobre AECT, polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013 en aspectos esenciais, conduce á aprobación dunha nova norma que recolla as novidades introducidas.

A regulación contida no presente real decreto xustifícase de modo prevalente na competencia estatal en materia de relacións internacionais, que habilita as institucións estatais – neste caso o Goberno de España – para ordenar e coordinar as actividades con relevancia externa das comunidades autónomas, así como das restantes entidades territoriais, de forma que non condicionen ou prexudiquen a dirección da política exterior, de competencia exclusiva do Estado, de acordo co establecido pola xurisprudencia constitucional. Así mesmo, polo que se refire a aqueles aspectos do real decreto que conteñen normas sobre o procedemento que hai que seguir para a constitución e funcionamento das citadas entidades de cooperación territorial, teñen a consideración de bases do réxime xurídico das administracións públicas.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades locais.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Facenda e Administracións Públicas e de Asuntos Exteriores e de Cooperación, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de xaneiro de 2015,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten por obxecto garantir a aplicación efectiva do Regulamento (CE) n.º 1082/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo, sobre a Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT), na súa versión modificada polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no que se refire á clarificación, simplificación e mellora de tales agrupacións.

Artigo 2. *Natureza.*

As agrupacións europeas de cooperación territorial, segundo se dispón no artigo 1 do Regulamento 1082/2006 sobre a AECT, na súa versión modificada polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, son persoas xurídico-públicas, constituídas por entidades ou organismos de ao menos dous Estados membros da Unión Europea, a excepción do disposto no artigo 3, número 2, que teñen por obxectivo facilitar e fomentar a cooperación territorial, incluídas unha ou varias das formas da cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional unilateral ou multilateral, co fin de reforzar a cohesión económica, social e territorial da Unión.

Artigo 3. *Suxeitos.*

1. A AECT estará integrada, segundo se dispón no artigo 3 do Regulamento 1082/2006 sobre a AECT, na súa versión modificada polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, por membros, dentro dos límites das súas competencias de acordo coa lexislación nacional, pertencentes a unha ou máis das seguintes categorías:

- a) Estados membros da Unión Europea ou autoridades de ámbito nacional;
- b) Comunidades autónomas;
- c) Entidades locais;
- d) Empresas públicas para efectos do artigo 2, número 1 b), da Directiva 2004/17/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre a coordinación dos procedementos de adxudicación de contratos nos sectores da auga, da enerxía, dos transportes e dos servizos postais, ou organismos de dereito público para efectos do artigo 1.9, parágrafo segundo, da Directiva 2004/18/CE, do Parlamento Europeo e do

Consello; a Directiva 2004/177CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, sobre coordinación dos procedementos de adxudicación dos contratos públicos de obras, de subministración e de servizos;

e) Empresas que presten actividades de servizos de interese económico xeral de conformidade co dereito da Unión e nacional aplicable;

f) Autoridades nacionais, rexionais ou locais, ou organismos ou empresas públicas equivalentes aos mencionados na letra d), de terceiros países, suxeitos ás condicións establecidas no artigo 3 bis do Regulamento 1082/2006 sobre a AECT, na súa versión modificada polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no que se refire á clarificación, simplificación e mellora de tales agrupacións.

Poderán tamén ser membros as asociacións formadas por organismos pertencentes a unha ou máis destas categorías.

2. A AECT estará constituída por membros situados no territorio de ao menos dous Estados membros da Unión Europea. Non obstante, nos termos e condicións establecidos no artigo 3 bis do Regulamento 1082/2006 sobre a AECT, na súa versión modificada polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no que se refire á clarificación, simplificación e mellora de tales agrupacións, poderán estar constituídas por membros situados no territorio de:

a) Ao menos dous Estados membros e dun ou de varios terceiros países veciños dun dos ditos Estados, incluídas as súas rexións ultraperiféricas.

b) Ao menos dous Estados membros, incluídas as súas rexións ultraperiféricas, e dun ou de varios países ou territorios de ultramar (en diante, PTU), con ou sen membros procedentes dun ou de varios terceiros países.

c) Un só Estado membro e dun ou de varios terceiros países, veciños deste, incluídas as súas rexións ultraperiféricas.

d) Un só Estado membro e dun ou de varios PTU, incluídas as súas rexións ultraperiféricas, con ou sen membros procedentes dun ou de varios terceiros países.

Artigo 4. *Presentación da solicitude.*

1. Con carácter previo á creación dunha AECT, o futuro membro español que pretenda participar nela presentará unha solicitude dirixida á Secretaría de Estado de Administracións Públicas para a preceptiva autorización, acompañada da seguinte documentación:

a) O texto do convenio proposto, que será elaborado de acordo co artigo 8 do Regulamento (CE) n.º 1082/2006 sobre a AECT, na súa versión modificada polo Regulamento 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

b) Os estatutos propostos, que se elaborarán de acordo co establecido no artigo 9 do citado regulamento europeo, na súa versión modificada polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no que se refire á clarificación, simplificación e mellora de tales agrupacións.

c) Se é o caso, a documentación acreditativa da personalidade xurídica dos futuros membros, así como da posible limitación de responsabilidade.

d) A certificación que acredite a intención de participación da entidade concernida na AECT, expresada en acordo do consello de goberno da comunidade autónoma, do pleno do concello, consello de administración, padroado ou do órgano correspondente, incluírá a acreditación da competencia nos termos do artigo 7 número 2 do Regulamento 1082/2006 sobre a AECT, na súa versión modificada polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no que se refire á clarificación, simplificación e mellora de tales agrupacións.

2. No suposto da adhesión dun membro español a unha AECT xa constituída, o futuro membro deberá comunicar á Secretaría de Estado de Administracións Públicas a súa intención de participar nela co obxecto de proceder ao inicio do procedemento de aprobación mediante a presentación dunha solicitude acompañada da documentación sinalada no número anterior.

Artigo 5. *Informes.*

1. Unha vez recibida a solicitude, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas solicitará a emisión dos correspondentes informes por parte dos ministerios competentes por razón da materia.

2. Será preceptivo, en todos os casos, o informe do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos. Este último, ademais, será vinculante polo que respecta ao uso de fondos europeos ou da Administración xeral do Estado, as súas empresas ou organismos públicos ou das demais entidades de dereito público.

Así mesmo, será preceptivo o informe da comunidade autónoma en relación coas solicitudes de AECT en que estean integrados algún dos suxeitos a que se refire o artigo 3 do presente real decreto correspondentes ao seu ámbito territorial.

3. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, unha vez recibida a solicitude de informe, comunicará aos demais Estados membros afectados as solicitudes recibidas en España en que se proxecte a participación nunha AECT dalgunha entidade dos ditos Estados, e dará traslado das comunicacións recibidas deles aos restantes departamentos e administracións públicas implicados.

No caso dun procedemento de aprobación dunha AECT con domicilio social en España con futuros membros procedentes dun ou de varios terceiros países, o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación asegurase, en consulta cos demais Estados membros interesados, de que se cumpren as condicións do artigo 3 bis do Regulamento 1082/2006 sobre a AECT, na súa versión modificada polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no que se refire á clarificación, simplificación e mellora de tales agrupacións, e de que o terceiro país aprobou a participación dos futuros membros de conformidade con:

- a) Condicións e procedementos equivalentes aos establecidos no Regulamento 1082/2006 sobre a AECT, ou
- b) un acordo celebrado entre ao menos un Estado membro conforme cuxo dereito está establecido un futuro membro e o dito terceiro país.

No caso dunha AECT con domicilio social en España e cun futuro membro procedente dun país ou territorio de ultramar (PTU), o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación solicitará, se for o caso, do Estado membro ao cal o PTU estea vinculado, confirmación escrita de que as autoridades competentes aprobaron a participación do futuro membro, conforme o disposto no artigo 4 bis do Regulamento 1082/2006 sobre a AECT, na súa versión modificada polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no que se refire á clarificación, simplificación e mellora de tales agrupacións.

4. Recibidos os informes solicitados, ou transcorrido o prazo dun mes para a súa emisión, a Secretaría de Estado de Administracións Públicas poderá emitir informe de observacións e propor as modificacións necesarias do convenio e dos estatutos, de acordo co disposto no artigo 4.3 do Regulamento 1082/2006 sobre a AECT, na súa versión modificada polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no que se refire á clarificación, simplificación e mellora de tales agrupacións.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá solicitar informacións, documentación ou aclaracións complementarias aos futuros membros da AECT en calquera momento do procedemento.

Os futuros membros da AECT deberanse coordinar e intercambiar información durante esta fase do procedemento, co fin de axilizar a consolidación dos textos tendo en conta as posibles observacións dos distintos Estados membros.

Artigo 6. *Intercambio de información.*

En aplicación do principio de cooperación institucional previsto no artigo 4.1.d) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, as administracións públicas interesadas intercambiaranse información relevante para o eficaz exercicio das facultades conferidas por esta norma.

Para tal efecto, a Administración xeral do Estado trasladará ás comunidades autónomas a información de que dispoña a través da Secretaría da Conferencia para Asuntos Relacionados coa Unión Europea, e ás entidades locais, a través da Secretaría da Comisión Nacional de Administración Local.

Artigo 7. *Resolución.*

1. Recibidos os informes sinalados no artigo anterior, ou transcorrido o prazo dun mes sen que se emitisen, salvo que se trate de informes preceptivos determinantes para a resolución do procedemento, a Secretaría de Estado de Administracións Públicas formulará unha proposta de resolución.

2. No caso de informes emitidos no marco dun procedemento de adhesión dun novo membro español a unha AECT cuxo convenio xa fose aprobado por España, o prazo para a emisión será de dez días.

3. A resolución da aprobación da participación e o convenio corresponderá ao Consello de Ministros, por proposta do titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, no suposto de que un dos integrantes futuros da AECT sexa un Estado, un órgano da Administración xeral do Estado, unha empresa pública ou un organismo de dereito público dependente del, ou unha ou varias comunidades autónomas ou os seus organismos públicos dependentes.

Esta resolución corresponderá ao titular do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas nos demais casos.

4. O prazo máximo para a resolución do procedemento será de seis meses a partir da presentación dunha solicitude conforme o previsto no artigo 4. Transcorrido este prazo sen que se ditase resolución, a solicitude entenderase estimada.

A estimación por silencio positivo non eliminará a obriga de aprobar formalmente o convenio para permitir a creación dunha AECT cando o domicilio social se vaia situar en España.

5. A resolución que poña fin ao procedemento aprobará o convenio e a participación do membro español na AECT proxectada, ou denegará a dita participación de forma motivada, cando concorran as circunstancias do artigo 4.3 do Regulamento (CE) 1082/2006 sobre a AECT, na súa versión modificada polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no que se refire á clarificación, simplificación e mellora de tales agrupacións.

6. Transcorrido o prazo dun ano desde a emisión da aprobación sen que se constituíse a AECT proxectada, producirase a caducidade da aprobación emitida.

7. En caso de adhesión dun novo membro español a unha AECT cuxo convenio xa fose aprobado por España, a dita participación terá que ser aprobada polas autoridades españolas sinaladas no punto 3 do presente artigo, conforme o procedemento establecido no presente real decreto. A aprobación da adhesión notificarase ao Estado membro en que se ache o domicilio social da AECT.

Artigo 8. Rexistro de AECT.

1. No Rexistro de Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial, de carácter público, xestionado polo Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación e dependente da Secretaría Xeral Técnica do dito departamento, deberanse inscribir o convenio e os estatutos de cada unha das AECT con domicilio social en España, así como as súas modificacións.

2. A inscrición realizarase unha vez acreditada a concesión da aprobación a todos os membros da AECT proxectada mediante a remisión ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación do texto suscrito do convenio e dos correspondentes estatutos e, se for o caso, das autorizacións pertinentes.

3. No suposto de que a AECT non teña o seu domicilio social en España, os seus membros constituídos conforme o dereito español deberán notificar ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación toda a información relativa á data de publicación e/ou rexistro no Estado onde teña o seu domicilio social, e remitirán copia do convenio suscrito e dos correspondentes estatutos.

4. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación dará traslado ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de todas as inscricións efectuadas no rexistro, así como das súas modificacións.

5. A inscrición no rexistro habilita a correspondente AECT para efectuar as actuacións administrativas necesarias para poder levar a cabo a actividade para a que foi constituída.

Artigo 9. Modificación do convenio e dos estatutos.

1. Calquera modificación do convenio ou dos estatutos dunha AECT integrada por un ou máis membros constituídos conforme o dereito español será notificada ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas pola AECT. Toda modificación do convenio será aprobada polo órgano que resolverse a aprobación para a constitución da AECT de acordo co procedemento recollido no artigo 4 e seguintes.

2. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas notificará ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación calquera modificación que dea lugar a variacións nos asentos do rexistro de AECT.

Artigo 10. Publicación.

A publicación do convenio e dos estatutos das AECT con domicilio social en España, así como as súas modificacións, realizaraa o Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación no «Boletín Oficial del Estado» unha vez remitida a documentación prevista no artigo 7.2.

Artigo 11. Control da xestión de fondos públicos.

1. O control das actuacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos europeos desenvolverase de acordo co establecido no artigo 6 do Regulamento 1082/2006 sobre a AECT, na súa versión modificada polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e do resto do ordenamento xurídico europeo, así como no marco das normas de transposición e desenvolvemento do dereito europeo en materia de control de fondos europeos levado a cabo no dereito interno. En todo caso, o control realizarase de acordo coa distribución de competencias entre os distintos órganos de control das administracións públicas que participen na AECT.

2. Cando o domicilio social da AECT radique en España, o texto do convenio ou os estatutos propostos no procedemento de solicitude previsto no artigo 4 deste real decreto indicarán a autoridade competente en materia de control financeiro e auditoría de contas da AECT. A designación da dita autoridade realizarase antes de dar a súa aprobación á participación na AECT e recaerá, en todo caso, nun ou máis órganos das administracións

públicas que, de acordo coa lexislación interna, teña atribuídas competencias en materia de control financeiro e auditoría do sector público. No caso de nomeamento dunha pluralidade de órganos, o convenio ou os estatutos establecerán as regras para a toma de decisións en forma colexiada.

3. A autoridade designada informará os outros Estados interesados das incidencias detectadas na realización dos controis de xestión de fondos.

4. As dotacións de persoal, retribucións e demais gastos de persoal das AECT con domicilio social en España deberanse ater ao disposto nas leis de orzamentos xerais do Estado e demais normativa relativa ao gasto público ou á restrición de incrementos de retribucións no sector público.

Artigo 12. *Supervisión da actividade da AECT.*

O Consello de Ministros poderá prohibir toda actividade da AECT en territorio español que contraveña as disposicións internas en materia de orde pública, seguridade pública, sanidade pública ou moralidade pública, así como as contrarias ao interese público; ou, se for o caso, solicitar aos membros españois da AECT a súa retirada dela, a menos que a AECT poña fin a estas actividades.

Artigo 13. *Disolución.*

1. A disolución da AECT poderá producirse por algunha das causas previstas no convenio de constitución e deberá ser inscrita no Rexistro de Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial, nos termos establecidos no artigo 7 deste real decreto. A disolución producirá efectos a partir do momento en que sexa publicada no «Boletín Oficial del Estado», nos termos previstos no artigo 9 deste real decreto.

2. Así mesmo, o Consello de Ministros, ben por iniciativa propia ben logo de solicitude do Goberno doutro Estado membro, da Comisión Europea ou de calquera autoridade competente española cun interese lexítimo, poderá acordar a disolución da AECT con domicilio social en España, se se aprecia un incumprimento dos obxectivos ou das funcións establecidos, respectivamente, nos artigos 1.2 e 7 do Regulamento (CE) n.º 1082/2006 sobre a AECT, na súa versión modificada polo Regulamento (UE) n.º 1302/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, no que se refire á clarificación, simplificación e mellora de tales agrupacións.

3. Con carácter previo á disolución, o Consello de Ministros formulará requirimento á AECT para que regularice a situación no prazo máximo dun mes e procederá a decretar a súa disolución se o dito requirimento non é atendido.

4. O Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación informará a todos os Estados membros en virtude de cuxa lexislación se asociasen os membros dunha AECT de calquera solicitude de disolución desta recibida no territorio español.

Artigo 14. *Fin da vía administrativa.*

Os actos e acordos do Consello de Ministros, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación previstos neste real decreto poñen fin á vía administrativa.

Disposición adicional única. *Custos.*

Os custos que deriven da aplicación do presente real decreto atenderanse coas dotacións orzamentarias ordinarias dos departamentos afectados.

Disposición derogatoria única.

Queda derogado o Real decreto 37/2008, do 18 de xaneiro, polo que se adoptan as medidas necesarias para a aplicación efectiva do Regulamento (CE) n.º 1082/2006 do

Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xuño de 2006, sobre a Agrupación Europea de Cooperación Territorial (AECT).

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.3.^a e 18.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Vixencia.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de xaneiro de 2015.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN